



SESION ORDINARIA DE 25 DE XANEIRO DE 2022

(Acta número 01)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e un, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade. *Intervencións:*

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_20220125110700000_FH.mov&topic=1

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE INTEGRIDADE E COMPROMISO ÉTICO.

Por parte do Presidente indícase que se celebrou unha Xunta de Voceiros na que se consensuou esta Declaración, que é un acto necesario para poder optar a fondos europeos, co compromiso dunha xestión deses fondos correcta, unha Declaración antifraude de xestión de fondos europeos. Declaración Institucional á que o Presidente procede a dar lectura:

“Declaración Institucional de Integridade e Compromiso Ético.

Un dos piares fundamentais que deben guiar a actuación das Administracións Públicas para a mellor satisfacción do interese xeral ten que ser o da integridade institucional, definido de maneira sinxela como a observancia dos valores e principios da boa administración.

O mantemento e reforzo da integridade institucional e a súa proxección aos cidadáns, institucións e entidades coas que se relaciona deben ser, pois, obxectivos irrenunciáveis de calquera Administración Pública para o cumprimento dos fins que a Constitución e a lei lle encomendan.

A integridade institucional é unha esixencia ética que reborda a mera suxeición ás normas e, pola contra, demanda unha actitude proactiva na busca do cumprimento daqueles principios da boa administración. Un dos aspectos fundamentais que configuran a integridade dunha institución

pública é o rexeitamento público, expreso e rotundo da fraude e da corrupción e o compromiso, igualmente claro, inequívoco e público para a súa persecución.

Pouco a pouco, pero de xeito imparabile, alentadas e con apoio na normativa da Unión Europea (por exemplo na Directiva (UE) 2017/1371, sobre a loita contra a fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión) e nas recomendacións dos seus organismos (sinaladamente a Oficina Europea de Loita contra a Fraude - OLAF), as manifestacións das Administracións expresando un compromiso de "tolerancia cero" coa fraude son cada vez máis frecuentes. En todo caso, o rexeitamento público da fraude e da corrupción faise ineludible cando a Administración xestiona fondos procedentes das Comunidades Europeas.

A Deputación Provincial de Lugo ten xa iniciado este camiño mediante a introdución no Regulamento de Organización e Funcionamento da Asesoría Xurídica provincial dun título enteiro dedicado ao *Compliance público* así como -e sinaladamente- a sinatura co Consello de Contas de Galicia dun Protocolo de Colaboración no ano 2019, para que este Órgano Estatutario con competencias na materia acompañe na implantación das medidas concretas a adoptar.

Por outra banda, e no que respecta á xestión de fondos europeos, a entidade provincial iniciou os trámites oportunos para dar cumprimento ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, onde se establece que, coa finalidade de protexer os intereses financeiros da Unión Europea, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (en diante PRTR), deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. Existe a firme vontade por parte da Deputación Provincial de Lugo, de concorrer no ano en curso ás convocatorias que o Goberno de España poña en marcha para a execución do PRTR, sendo preciso contar co mencionado plan de medidas antifraude no caso de ser beneficiario de fondos con cargo ao Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

Alén do ate aquí exposto, o Pleno provincial quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis elevados no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión

aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade se perciba por todos como oposta á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros da Corporación Provincial asumen e comparten este compromiso.

Por outra banda, os empregados públicos provinciais teñen entre os seus deberes o de "velar polos intereses xerais, con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, e actuar con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental, e respecto á igualdade entre homes e mulleres" (artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

O obxectivo desta política é o de impulsar e favorecer unha cultura interna que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos supostos que poidan darse.

No marco desa política, a Deputación Provincial de Lugo, disporá os procedementos e canles necesarias para que, con respecto pleno á confidencialidade e á protección de datos de carácter persoal, calquera persoa ou entidade poida denunciar aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que poida detectar. Dando cumprimento así á normativa europea e interna que regula esta materia.

Así pois, a presente declaración é un punto de partida para un compromiso en prol dun cambio de cultura administrativa na que os mencionados estándares e sobre todo, o compromiso co Dereito á boa administración, rexan a totalidade do actuar desta institución, ca adopción de todas as medidas precisas tanto na inmediata xestión de Fondos Europeos coma en xeral na xestión global de toda a actuación administrativa. Declarando, por tanto, unha política de "tolerancia cero" fronte á fraude e a corrupción e establecerá os sistemas de control axeitados para previr e detectar, dentro do posible, calquera actuación fraudulenta e corrixir o seu impacto, no caso de producirse".

A Declaración Institucional anteriormente transcrita é asinada pola voceira do Grupo Provincial Socialista, dona María del Pilar García Porto, polo voceiro do Grupo Provincial do BNG don Efrén Castro Caloto, e polo voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular don Oscar Poy Franco, na data de 20 do presente mes de xaneiro”

A Declaración Institucional é aprobada por aclamación.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=2

--0000--

3.- PROPOSTA DE GOBERNO EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO INICIADO POLA SAREB PARA O DESALOJO DE 16 VIVENDAS SITUADAS EN BURELA.

Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial Don Efrén Castro Caloto, en representación do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en relación co procedemento iniciado pola Sareb para o desaloxo de 16 vivendas situadas en Burela.

Exposición de Motivos:

Recentemente fíxose público que a SAREB estaba iniciando o procedemento para o desaloxo de dezaseis vivendas situadas en Burela, concretamente na Rúa do Mar Cantábrico número 6.

Así, de forma unilateral decidiu por fin aos contratos de alugueiro que levan en vigor dende ó 2004. A SAREB quere poñelos en venda, pero non parecen ter en consideración a posibilidade de

cederllos ao Instituto Galego da Vivenda e Solo de Galiza, xunto co resto de activos inmobiliarios que posee na Galiza, para a creación dunha bolsa de vivendas sociais.

Ademais neste caso, o edificio, segundo a información da que dispón o Instituto Galego da Vivenda e Solo, está calificado como de protección autonómica (vivenda protexida de promoción privada) para alugueiro a 25 anos.

A data de calificación foi ó 8 de xaneiro de 2004, de modo que o período de protección deberíase manter vixente hasta xaneiro de 2029, circunstancia que avalaría en maior medida a opción de seguir dedicándoos a este fin.

A SAREB está ignorando o seu propio compromiso de ceder os inmobles para vivenda social e segue apostando, ao igual que fixo xa noutras poboacións de Galiza como Narón, A Coruña o Silleda, polo desaloxo e o desafiuamento das familias que viven neles antes que facilitar a transferencia das vivendas para alugueiro social.

A Sareb, nas comunicacións remitidas as persoas arrendatarias, ofreceu a posibilidade de que estas fixeran ofertas para a compra da súa vivenda, propondo para os casos de situacións en risco de exclusión social “buscar unha solución”. Estas alternativas non son satisfactorias, primeiro porque coa venda non se garante o uso para alugueiro ó que debería dedicarse o edificio hasta 2029 e porque crea unha diferenza de trato entre as persoas que poidan, pola súa situación económica, acceder á venda neste intre e os que non, sen ofrecer facilidades u outras axudas para isto.

Segundo, porque no caso das persoas inquilinas que se atopen en risco de exclusión social, tampouco se lles permite continuar na súa vivenda, pois esa solución que se propón buscar suporá seguramente unha alternativa habitacional que igual no está dispoñible na mesma localidade.

En todo caso, o inicio destas xestións por parte da SAREB tivo xa un efecto intimidatorio e disuasorio sobre as persoas residentes no edificio, e por iso, algúns dos inquilinos e inquilinas decidiron deixar xa as súas vivendas ante a ameaza de desaloxo, sen agardar a unha solución pactada que lles permitise continuar nos seus fogares.

Na Galiza a SAREB mantén en carteira 8.157 activos, isto incluso despois de ter vendido xa moitos dos seus inmobles, a maioría por prezos irrisorios, hasta tres veces por baixo do seu valor inicial. A día de hoxe, quedan todavía unhas 2.735 vivendas en poder da SAREB, a maioría nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1º.- Instar a SAREB como actual propietaria das mesmas, a respectar os contratos de alugueiro das referidas vivendas de Burela, en vigor e que poderían manterse hasta o 2029; evitando que teñan que deixalas os seus inquilinos.

2º.- Instar ao goberno do Estado, como próximo accionista único da Sareb, a paralizar o desafuzamento destas familias evitando que se proceda á venda dos inmobles e favorecendo a continuidade dos alugueiros e a súa posterior incorporación á unha bolsa de vivenda pública en aluguer-

3º.- Instar a Xunta de Galiza, a abrir un proceso de diálogo cas administracións locais e os axentes sociais, para desenvolver un proceso de debate acerca do futuro dos activos da SAREB en Galicia – vivendas e solo urbanizable - , de cara á creación dunha bolsa de vivendas e inmobles para o fomento da vivenda pública social. Unha bolsa destinada a facilitar o acceso á vivenda das persoas e colectivos máis desfavorecidos e da xuventude. Habilitando as canles para que os concellos teñan unha participación efectiva na toma de decisións e planificación do emprego destes recursos”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=3

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, RECLAMANDO Á XUNTA QUE RESOLVA O DÉFICIT DE PRAZAS EN RESIDENCIAS PÚBLICAS DA TERCEIRA IDADE EN GALICIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta que resolva o déficit de prazas en residencias públicas da terceira idade en Galicia.

A pegada da pandemia do covid deixou de manifesto dun xeito trágico as eivas do modelo de atención da terceira idade impulsado polo goberno da Xunta de Galicia. Un modelo de grandes residencias masificadas, centrado na procura do beneficio económico das empresas do sector privado, que non garante nin a digna atención dos maiores nin as adecuadas condicións laborais dos traballadores.

Aparte das súas eivas cualitativas, a aposta neoliberal da Xunta polo mercado tense revelado como insuficiente tamén no eido cuantitativo. Os datos recollidos no último estudo da Asociación Estatal de Directoras y Gerentes de Servicios Sociales constatan que Galicia ten un déficit de 14.331 prazas en residencias públicas, segundo a ratio de 5 prazas por cada persoa de máis de 65 anos de idade que recomenda a Organización Mundial da Saúde. Segundo os datos da Asociación, Galicia é a terceira CCAA cun maior déficit en prazas de residencias públicas.

De acordo ca Asociación de Directores y Gerentes, Galicia ocupa o posto número 13 no desenvolvemento do sistema de Servizos Sociais, cunha valoración de 4,5 no índice DEC que mide a relación entre os Dereitos e o Esfuerzo económico e de xestión que se realiza para garantir a Cobertura real das necesidades das persoas. De acordo cos profesionais, no ano 2020 o esforzo da Xunta estancouse ou mesmo retrocedeu– a pesares da pandemia – e a valoración que merece o

sistema galego é “débil”. Como ben di a Asociación, córrese o risco de que os dereitos recollidos na lexislación sobre dependencia convertan en “dereitos de papel”, sen cobertura real garantida. A mellor proba da inacción da Xunta a aportan as cifras de prazas de residencia dispoñibles ó longo dos anos do Goberno de Alberto Núñez Feijóo. No ano 2010,

Galicia contaba con 20.432 prazas de residencias dispoñibles. En 2020, o número baixara a 20.371. Nos anos de goberno conservador, en Galicia non se incrementou o número de prazas de residencias dispoñibles.

O Grupo Provincial Socialista entende que esta situación non pode seguir prolongándose por máis tempo, dadas as características da pirámide de poboación galega. Os estudos da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais amosan as eivas da cobertura social en Galicia, e sinalan as liñas de mellora que cumpre adoptar para adecualo ás necesidades dos galegos e galegas. Por iso somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Desenvolver unha rede de residencias públicas que resolva o déficit de prazas da terceira idade en Galicia e o adecúe á ratio recomendada pola Organización Mundial da Saúde de 5 prazas de residencia por cada 100 persoas maiores de 65 anos.
- Asumir as súas obrigas competenciais e, cando menos, financiar a rede de residencias públicas da Deputación de Lugo.
- Mellorar o desenvolvemento do sistema de servizos sociais para garantir que os dereitos dos cidadáns se convertan nunha cobertura real das necesidades”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=4

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA EN APOIO DAS REIVINDICACIÓNS DOS ALUMNOS/AS DO IES DE BECERREÁ E EN DEFENSA DA CALIDADE DO ENSINO RURAL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista en apoio das reivindicacións dos alumnos/as do IES de Becerreá e en defensa da calidade do ensino rural.

O pasado día 19 de xaneiro, os alumnos/as e a comunidade educativa do IES de Becerreá volveron ás rúas a protagonizar novas mobilizacións reclamando a recuperación da materia optativa de francés. Estas demandas comezaran xa en outubro, a principio de curso, e se prolongan no tempo ante o desprezo e a inacción da Xunta.

De feito, as protestas dos alumnos/as, profesores/as, PAS e pais/nais do IES de Becerreá se teñen convertido nun símbolo da contestación social que xera en Galicia o ataque ó ensino público que leva a cabo a consellería de Educación e a Xunta de Galicia. É un exemplo do rexeitamento, alto e claro, que a sociedade galega amosa ante unha xestión que ignora a realidade galega e quere impoñer un modelo de dúas velocidades, cun ensino rural con menor oferta, menos materias, menos profesorado e, xa que logo, menos oportunidades para os rapaces e rapazas do rural.

O caso concreto do IES de Becerreá é coñecido. A comezos de curso, cos horarios xa feitos, e sen previo aviso, a consellería de Educación decide eliminar a materia optativa de francés. Iso a pesar de que hai alumnos/as que a escolleron, que contaban con esta materia para poder sumar 2 puntos nas cualificacións da Abau e de que o centro conta cunha docente con horario dispoñible para impartila. De feito os horarios estaban feitos.

A decisión da consellería xorde da aplicación dunha norma incomprensible e lesiva para os nenos e nenas do rural, que di que a Xunta eliminará as optativas que non acaden un mínimo de 5 alumnos/as. Unha medida que amosa un descoñecemento absoluto da demografía do rural e, xa que logo, do propio concepto de optativa.

O acontecido en Becerreá non é, por desgracia, un caso illado. A principios de curso, os e as socialistas lucenses denunciámos a falta de previsión da Consellería, ó non manter as contratacións de reforzo aínda que persistían os condicionantes fixados pola pandemia. A situacións como a de Becerreá súmanse, por desgracia, o peche unilateral do colexio de Baamonde, a agrupación de alumnos/as en contra dos propios criterios fixados pola Consellería en As Nogais, ou a redución en docentes no IES Lamas de Quenda en Chantada, por citar so algúns exemplos.

O Grupo Provincial Socialista respalda as reivindicacións dos alumnos e alumnas do IES de Becerreá, e ten un claro compromiso ca defensa do ensino de calidade no rural. Defendemos, coma sempre o fixemos, un ensino público, universal e de calidade, que garante unha igualdade de oferta e oportunidades para os rapaces e rapazas da provincia, con independencia do seu lugar de residencia. Por iso somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á consellería de Educación e á Xunta de Galicia:

- Recuperar a optativa de francés no IES de Becerreá tal e como lle solicita o alumnado e a comunidade educativa do centro.
- Atender as reivindicacións sobre falta de profesorado, agrupacións inadecuadas de alumnos/as e semellantes que lle ten expresado a comunidade educativa lucense dende principios de curso.
- Adoptar as medidas necesarias para garantir que o ensino público no rural achegue a nenos e nenas, rapaces e rapazas, unha oferta educativa en pé de igualdade á que dispón os seus compañeiros e compañeiras das cidades”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial

Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=5

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE A NON DERROGACIÓN DA REFORMA LABORAL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre a non derogación da reforma laboral.

Exposición de Motivos:

Diante dun debate especialmente relevante como o que ten a ver coa modificación da normativa laboral, en que a propaganda dificulta en ocasións coñecer o que realmente está en xogo, dende o Bloque Nacionalista Galego traemos ao pleno esta moción para contribuír ao esclarecemento dos feitos, respondendo algunhas cuestións que as/os traballadoras/es están a expor:

DERROGOU O GOBERNO DE PSOE E PODEMOS A REFORMA LABORAL DO PP DE 2012?

A resposta é Non. O Real Decreto Lei aprobado polo Consello de Ministros a 28 de decembro de 2021 introduce poucas mudanzas e non toca -polo que consolida- os elementos máis lesivos da reforma laboral do Partido Popular do ano 2012.

QUE ELEMENTOS NON MUDA?

- As facilidades para o despedimento
- O abaratamento do despedimento.
- A eliminación da autorización administrativa previa para os despedimentos colectivos (EREs)
- A supremacía dos convenios estatais sobre os provinciais ou galegos.
- A supremacía dos convenios de empresa, que poden empeorar os de sector, excepto nos salarios.
- A eliminación dos salarios de tramitación nos despedimentos improcedentes.
- A posibilidade de que as empresas se “descolguen” do convenio e incumpran o establecido no mesmo.
- A facultade das empresas para as modificacións das condicións de traballo e a mobilidade xeográfica colectiva (antes podía ser suspendida durante 6 meses pola autoridade laboral).
- A distribución irregular da xornada, até 10%.

QUE MUDA?

- Os tipos de contratos.
- A recuperación da ultra-actividade dos convenios.
- A supremacía dos convenios de sector só en relación aos salarios

O PAPEL DO CHAMADO “DIÁLOGO SOCIAL”

O Goberno do Estado apela ao acordo coa CEOE e os sindicatos de concertación estatais - CCOO e UXT- para reclamar o apoio á nova normativa laboral, sen ningún tipo de modificación no trámite parlamentari. E polo tanto sen escoitar e sen atender as demandas do resto das organizacións políticas.

OS PARTIDOS DO GOBERNO INCUMPREN OS SEUS COMPROMISOS

Após dous anos de Goberno en que as reiteradas declaracións nunca ían acompañadas da actuación correspondente, o texto aprobado no Consello de Ministros a 28 de decembro de 2021

incumpre as promesas electorais, os compromisos estabelecidos e os acordos asinados para derrogar integramente a reforma laboral do Partido Popular.

Ante esta situación o BNG actúa con coherencia e firmeza na defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras; así apoiaremos as accións e mobilizacións sociais e sindicais que defendan este obxectivo. De haber vontade, aínda estamos a tempo de evitar unha nova oportunidade perdida e avanzar de verdade na recuperación de dereitos sociais,

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao Goberno do Estado a:

- A) Solicitar a tramitación do Real Decreto Lei como Proxecto de Lei para poder introducir mudanzas en positivo.
- B) Que cumpran os seus compromisos e acorden no ámbito parlamentar un novo texto que signifique realmente rescatar os dereitos roubados.
- C) Reverter as facilidades para o despedimento e recuperar a indemnización de 45 días e o límite de 42 mensualidades no caso dos despedimentos improcedentes.
- D) Garantir que as modalidades de contratación sirvan para unha verdadeira erradicación da temporalidade e a precariedade, evitando que os novos contratos aprobados, aínda que con outro nome, manteñan os abusos actuais.
- E) Recuperar a autorización administrativa previa por parte da autoridade laboral para os despedimentos colectivos (EREs)
- F) Recuperar os salarios de tramitación nos despedimentos improcedentes.
- G) Garantir a supremacía dos convenios de sector, que nunca poderán ser empeorados polos de empresa.
- H) Garantir a supremacía dos convenios provinciais ou galegos sobre os estatais, que nunca poderán impedir ou empeorar estes.
- I) Eliminar a posibilidade dos “descolgues” do convenio por parte das empresas.
- J) Restaurar as limitacións empresariais para a mobilidade xeográfica colectiva.
- K) Recuperar a necesidade de acordo para a regulación da xornada.

L) Derrogación íntegra da reforma laboral do PP de 2012”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 3 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 22 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=6

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA ESIXIR AO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA O CESAMENTO INMEDIATO DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SEUS ATAQUES Á GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para esixir ao Presidente do Goberno de España o cesamento inmediato do Ministro de Consumo polos seus ataques á gandería e ao sector cárnico español.

Exposición de Motivos:

Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a industria cárnica é:

- A terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.

A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

É dicir, esta industria está formada dun xeito predominante por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar e con base territorial, que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.

- En 2020 achegou case 9.000 millóns de euros en exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Como no conxunto de España, en Galicia o sector cárnico desenvolve un papel clave no equilibrio territorial, agrupando unha variada tipoloxía de produción.

Na nosa Comunidade hai máis de 61.000 explotacións de carne e supéranse as 400.000 toneladas de produción. En canto á industria cárnica, esta aglutina a 192 empresas de transformación, que dan emprego a 4.601 traballadores e facturan arredor de 1.400 millóns de euros ao ano.

No caso concreto do vacún de carne, contamos cun total de 19.537 explotacións en Galicia -incluíndose explotacións de cebo, explotacións de reprodución para carne e de reprodución mixta- que teñen unha media de 22 animais cada unha delas.

Respecto do valor da produción de carne de bovino en Galicia, este ascende a 513 millóns de euros, o que representa o 14,1% do valor da produción final agraria da nosa Comunidade.

Desta produción, unha parte moi importante, como se dixo, está certificada coas indicacións xeográficas protexidas Carne de vacún de Galicia, ao abeiro da IXP Ternera Gallega e Vaca Gallega e Buey Gallego. Lembremos que no ano 2020, entre ambas IXP, certificáronse case 100.000 canais, producíronse 22.748 toneladas de carne por un valor económico estimado de 126.700.000 euros e representan o 55% de toda a carne española con indicativo de calidade.

Por outra banda, lembremos que a sustentabilidade do sector bovino de carne en Galicia está demostrada e as prácticas tradicionais dos nosos gandeiros son moi respectuosas co medio ambiente. Así, cómpre ter en conta que cada explotación ten base territorial asociada. Este asunto é moi transcendente xa que incide na procedencia da alimentación dos animais e no aproveitamento dos xurros como fertilizantes das súas propias terras.

Neste caso concreto, cómpre sinalar que existe un estudo do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, amparado polo propio Ministerio de Ciencia e Innovación, que constata que o uso de dexeccións (xurro e esterco) para enriquecer as terras, fronte á utilización de fertilizantes minerais, non incrementa as emisións de gases con efecto invernadoiro, sempre que se utilice dentro dos límites que se establecen de carga de nitróxeno.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (ANICE)- a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traducíuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados (“... *they export this poor quality meat from these ill- treated animals*”). Unhas declaracións que como podemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsas e demostran ou a

profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca un dos eidos alimentarios máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambiental, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo a miles de familias e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento, o abandono da terra agraria e para previr incendios forestais.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos e se observa marxe de mellora poñer en marcha medidas, desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo acorda:

1º.- Esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cesamento do mesmo polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

2º.- Esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia, que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que devandito sector avance en sustentabilidade.

3º.- Manifestar e recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros e gandeiras, así coma dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos, nomeadamente os profesionais galegos, para facer que o sector gandeiro cárnico se adaptase ás novas esixencias regulatorias e sociais, en

materia medio ambiental, de bienestar animal e calidade e seguridade alimentaria acadando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias.

4º.- Manifestar o apoio público ás reivindicacións das asociacións, plataformas e colectivos ligados ao medio rural que se manifestarán o vindeiro 23 de xaneiro en Madrid.

5º.- Facer público o apoio ao sector gandeiro mediante a aprobación dunha declaración institucional por parte desta institución”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular, e polo señor Deputado D. Efrén Castro Caloto membro do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e polas señoras Deputadas do Grupo Provincial do BNG).

Pide a palabra o señor Deputado D. Efrén Castro Caloto para aclarar que por erro premeu o botón de “a favor” cando desexaba premer o de “en contra”, polo que solicita a repetición da votación.

O Sr. Presidente pregunta ós Grupos Políticos, dado que a votación efectuada non reflicte o voto realmente desexado polo señor Deputado D. Efrén Castro Caloto por producirse un erro, se teñen algún inconvinte en que se repita a votación, e que isto se realice en tódolos casos que se produza un erro de voto. Por parte dos Grupos Políticos da Corporación manifestase que están de acordo en que se realice unha segunda votación.

Efectuada a segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=7

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA IMPULSAR O TURISMO NA PROVINCIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para impulsar o turismo na provincia.

Exposición de Motivos.

O Xacobeo xa foi no ano 2021 un dos motores da recuperación económica de Galicia e, en 2022, seguirao sendo como eixo central dunha Comunidade como a nosa, en constante renovación e que, aos seus valores tradicionais, suma novas propostas turísticas, adaptadas, como non podía ser doutro xeito, aos tempos de pandemia.

Desde a súa orixe, milleiros de persoas de calquera clase e condición peregrinaron a Compostela. Boa proba delo son máis de 301.000 peregrinos do ano 2017, os 327.000 de 2018, os case 350.000 de 2019, ou os 200.000 de 2021 – que superaron as previsións para ese ano tendo en conta as restricións que houbo a causa da covid – 19.

Todos estes peregrinos e os millóns de turistas que cada ano se acercan a Galicia, sempre atoparon en nós a un pobo acolledor, respectuoso e agradecido cos seus visitantes.

As diversas rutas do Camiño de Santiago teñen un impacto directo nos sectores do aloxamento, da alimentación e da restauración, pero tamén producen un elevado impacto indirecto positivo noutros sectores económicos. Así mesmo, favorecen o equilibrio territorial e son o mellor mecanismo de promoción internacional da marca Galicia.

Como resulta evidente, ao longo deste ano, miles de peregrinos elixirán algún dos tres itinerarios que discorren pola nosa provincia, e que xa contan coa declaración de Patrimonio Mundial da Humanidade -Camiño Norte, Camiño Primitivo e Camiño Francés-, ademais dos Camiños de Inverno e do Mar. Trátase, por tanto, dun recurso estratéxico dende o punto de vista turístico e económico, que non debe ser alleo á acción dos gobernos das distintas administracións. A este cometido, a Deputación de Lugo non só chega tarde, senón que adolece dunha programación específica no último ano, e tampouco dispón dela para o exercicio no que nos atopamos para seguir atraendo turistas e peregrinos.

Fronte a esta falta de previsión, a Xunta volve a Fitur cun stand no que se presentou a Galicia como destino aberto ao turismo internacional da man do Xacobeo e no que confluirán os valores tradicionais da oferta turística galega coa imaxe dunha Galicia nova en constante transformación, co Camiño de Santiago como eixo central.

É, por elo, que non se entende como a Deputación de Lugo non quixo estar presente neste stand que levou o Goberno galego á que é a feira máis importante deste sector. Neste senso, tampouco non se entende como dende a institución luguesa non se está a apostar por unha estratexia máis ambiciosa respecto desta materia. O exemplo témolo no turismo fluvial, cun complexo de Augas Mestas totalmente abandonado e deteriorado ou no catamarán afundido no río Miño e na falta de interese demostrado polo goberno provincial para impulsar a creación da Gran Senda Navia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a aprobar un Plan Estratéxico de Turismo da provincia de Lugo 2022 -2024, con obxectivos, accións, inversións e partidas orzamentarias concretas consensuado cos axentes implicados e cos grupos políticos provinciais.

2º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a que o turismo sexa un dos obxectivos prioritarios dos Fondos Next Generation EU aos que optará a institución provincial”.

Efectuada a segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=8

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de decembro de dous mil vinte e un, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4553 ao 5036. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=9

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=10

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Presidente maniféstase que hay dúas Preguntas regulamentariamente formuladas polo Grupo Provincial do Partido Popular, ás que se dará resposta a continuación.

P R E G U N T A S

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ao Museo Provincial do Mar en San Cibrao, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta

Que xestións fixo o equipo goberno provincial para facer posible a ampliación do Museo Provincial do Mar en San Cibrao (Cervo) tendo en conta que gran parte do seu material expositivo se atopa almacenado en barracóns, e que polo tanto non está en disposición de ser musealizado nin visitado polos veciños da provincia e visitantes que se achegan á Mariña Lucense?”.

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa ao Centro de Atención a Persoas Maiores- Apartamentos Tutelados e Centro de Día en Portomarín, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

O pasado 30 de decembro de 2021, en relación coa obra de construción “Centro de Atención a Persoas Maiores - Apartamentos Tutelados e Centro de Día, en Portomarín”, a Xunta de Goberno da Deputación acordou aprobar:

Desestimar a solicitude de indemnización e reequilibrio realizada por *Coto Estudio y Construcciones, S.L.*, e resolver por mutuo acordo o contrato administrativo da dita obra.

Existe, no expediente relativo a este acordo, algún informe no que se indique que os prazos son os motivos da resolución contractual do dito contrato??"

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202201251107000000_FH.mov&topic=11

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.